

# *HAIKUS DE OUTONO*

## 俳句

## *Que é un haiku?*

*Un haiku (jai-cu) é un poema curto composto por tres versos que utilizan a linguaxe sensorial para plasmar un sentimento ou unha imaxe. Os versos non presentan rima, simplemente se distribúen en tres liñas diferentes de xeito que a súa fermosura conduza ao lector a eses lugares ou sentimentos de inspiración do autor ou autora.*

*A tendencia actual é a presentar eses versos xunto coa imaxe que inspira eses sentimentos.*

*Orixinariamente, os poetas xaponeses, que foron quen desenvolveron este tipo de poesía, adoitan atopar a súa inspiración na natureza, nun momento de beleza ou nunha experiencia emotiva.*

## Como o facemos?

- *Antes de comezar, recolle ideas. Para iso podes facer unha camiñada ou un pequeno percorrido polo monte, os camiños, as sendas, as corredoiras... Repara nos sons, nas cores, nos olores e texturas que te rodean. Observa os animais, a vexetación, os froitos...*
- *Inspírate na estación da temporada: o outono. Reflicte sobre as cores, os cambios de luz e as diferenzas que se producen na natureza propias desta estación.*
- *Elixo algún/s elemento/s do outono como tema que percibas polos sentidos.*
- *Le varios exemplos para inspirarte.*  
*(No corredor da escola temos un. Atópao!)*
- *Fai o teu propio haiku para participares no concurso de Outono.*

**LEMBRA** que debe ter tres versos!  
**NON ESQUEZAS BOTAR** o teu **HAIKU**  
na **CAIXA DO CORREDOR!**  
**MOITA SORTE!**